

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA PARA HOXE, MARTES, 12 DE MAIO DE 2026

#### **PRESIDENCIA**

##### **AMES (A Coruña)**

**11,00 h.-** O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, participará na presentación do Anteproxecto de Lei de educación dixital de Galicia.

##### **SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**12,30 h.-** O titular do Goberno Galego, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, visitará a plataforma loxística de Covirán.

#### **TURISMO DE GALICIA**

##### **SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**12,00 h.-** O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará na sinatura do convenio entre Turismo de Galicia e a Federación Galega de Montañismo.

#### **DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**

##### **A CORUÑA**

**11,30 h.-** A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na concentración con motivo do Día Mundial da Fibromialxia e do Síndrome de Fatiga Crónica (SFC), organizada pola asociación Fibrovisibles.

**12,30 h.-** A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, reunirse coa xerente do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, Silvia Nieto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

#### FERROL

**10,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, manterá unha reunión con representantes do club de fútbol sala Lago DVSport.

### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

#### OURENSE

**09,30 h.-** O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, participará na *LXIII reunión do Grupo de Traballo para a Coordinación Técnica do Transporte por Cable*.

**13,30 h.-** O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, reunirse co presidente da Asociación Profesional de Funerarias de Ourense, Rubén Campo.

### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

#### SANXENXO (Pontevedra)

**12,00 h.-** O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitará a Librería Vidal Vilalonga para informar sobre o Bono Remuda.

### DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

#### VIGO

**10,00 h.-** A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá ao simulacro de incendio na Cidade da Xustiza.

### CASA DE GALICIA

#### MADRID

**12,00 h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá a presentación do *Corpus Christi* de Ponteareas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**19,30 h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá o relatorio *Santiago e os seus camiños: Historia, Cultura e Patrimonio*, impartido por Xesús Palmou.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

**09,45 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, intervirá no almorzo *A xestión da auga: retos de futuro*, organizado por *Executive Forum España*.

## SAN LÁZARO

**12,30 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, informará en **rolda de prensa** sobre as xestións realizadas pola Xunta ante a proposta de reforma do Regulamento Xeral de Costas.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

**12,00 h.-** O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, participará no acto de celebración do Día das Letras Galegas organizado pola Universidade de Santiago de Compostela.

## A CORUÑA

**19,00 h.-** A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, participará na inauguración da exposición *Future Stories: Vol.03*, no marco do programa de bolsas aos titulados en Fotografía nas escolas de arte e superiores de deseño de Galicia.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

## LALÍN (Pontevedra)

**16,30 h.-** O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, visitará as instalacións do novo centro de día Amizar.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

**09,30 h.-** A directora do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Covadonga Toca, participará na inauguración da xornada *Claves para acceder ao mercado xaponés: oportunidades para as empresas galegas*.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

#### ARTEIXO (A Coruña)

**13,30 h.-** O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), Damián Rey, clausurará o *V Foro APD de Tecnoloxía e Negocio*.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

#### LUGO

**11,30 h.-** A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, dará conta da licitación de novas vivendas públicas na cidade.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

#### OURENSE

**09,30 h.-** O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do xerente da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, Santiago Camba, participará na inauguración das XV xornadas de enfermería *Da vocación ao liderado: a enfermería que vén*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## VIGO

**11,45 h.-** O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado da delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e do xerente da área sanitaria, Javier Puente, participará na inauguración oficial da xornada *As nosas enfermeiras, o noso futuro. As enfermeiras apoderadas salvan vidas*.

Tras a inauguración, **ás 12,00 horas**, o conselleiro de Sanidade, acompañado pola directora xeral de FP, Eugenia Pérez, participará no descubrimento dunha escultura cedida pola Asociación de doadores e receptores de órganos de Vigo (Adrovi) en homenaxe ao persoal sanitario.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

## NOGUEIRA DE RAMUÍN (Ourense)

**09,00 h.-** O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, e o secretario de Estado de Cultura, Jordi Martí, acompañados polo director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, inaugurarán o 27 *Encontro Internacional do Convenio da Paisaxe*.

## VIGO

**19,00 h.-** O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado pola delegada territorial en Vigo, Ana Ortiz, asistirá ao partido entre o Real Club Celta de Vigo e o Levante Unión Deportiva.

## LUGO

**13,00 h.-** O secretario xeral da Lingua, Valentín García, e o delegado territorial Javier Arias, participarán na presentación da obra *Lugopoética 2025*.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

## A ARNOIA (Ourense)

**09,30 h.-** O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, xunto coa xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, asistirá a presentación de *Eu son artesanía de figuras de pan*, terceira unidade didáctica do proxecto Artesanía na Escola, coa demostración do artesanía Jorge Bellón.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## OURENSE

**11,00 h.-** O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, asistirá á cuarta xornada da iniciativa *Localízate!*, dirixida á mocidade e enmarcada nas accións do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

## CEDEIRA (A Coruña)

**11,00 h.-** A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada pola directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, visitará obras de tratamentos silvícolas preventivos.

## CERDEDO COTOBADE (Pontevedra)

**11,00 h.-** O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, acompañado polo delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitará un pasteiro situado na parroquia de Quireza.

## BEARIZ (Ourense)

**12,45 h.-** O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, achegarase ata un pasteiro localizado na parroquia de Xirazga.

## CARBALLO (A Coruña)

**12,30 h.-** O director xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, Juan José Cerviño, participará na presentación da conferencia do xornalista César Lumberas sobre *Marco orzamentario, acordos comerciais e PAC 2026*, que organizan Banco Santander e a Asociación de xóvenes empresarios de Bergantiños (Axober).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

## CONSELLERÍA DO MAR

## VIGO

**14,00 h.-** O conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, participará na 10ª edición de *Galicia Market Place*, na xornada sectorial sobre o mar.

Previamente, **ás 12,00 horas**, a directora xerente do Cetmar, Rosa Chapela, intervirá na mesa redonda *Persoas, talento e innovación*.

## PARLAMENTO

**10,30 h.-** A directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), Covadonga Salgado, comparecerá na comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, para falar do labor do Observatorio Costeiro da Xunta.

**12,00 h.-** O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, responderá na comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, senllas preguntas sobre a dragaxe do Lérez, e sobre o plan de actuación para a renovar infraestruturas nos portos de titularidade autonómica.

**13,00 h.-** A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, responderá na comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo, unha pregunta sobre a situación do marisqueiro en Pontedeume (A Coruña).